

INFORME TECNICO REFERIDO A SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O PLAN DE RESTAURACIÓN PARA A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN "CASALONGA" Nº 6996.

IGNACIO SOTO GONZALEZ, arquitecto do Concello de Teo, a petición do Sr Alcalde respecto a solicitude de informe sobre o plan de restauración para a concesión da explotación "Casalonga" nº6996, segundo o establecido nos artigos 5.1 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas, e 79.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO.

O proxecto presentado titulase PLAN DE RESTAURACIÓN DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN "CASALONGA" Nº 6996, redactado pola enxeñería Ingeniería Pedra S.L., e asinado pola enxeñeira de minas Dona Luisa Álvarez Zaragoza.

No apartado 3.4.4 Superficie afectada, do citado proxecto se di:

Como xa se expuxo nos apartados de antecedentes e obxecto do proxecto, paralelamente á presentación deste Plan de restauración se solicita a segregación da parcela onde se ubicaba antigamente a planta de tratamento e zona de talleres e almacéns, por cambio de uso na mesma. Esta parcela desafectada ocupa unha superficie de 9,11 ha.

Sobre a parcela sobre a que se di solicitar segregación se solicitou con data 14 de decembro de 2017, número de rexistro 10.679, don Víctor Manuel Toca Salgado en nome de Toca Salgado S.L. unha solicitude de informe de compatibilidade urbanística para xuntar coa solicitude de autorización ambiental integrada do proxecto construtivo para levar a cabo a actividade dentro das categorías e epígrafes 5.4 (valorización e/ou eliminación de residuos non perigosos cunha capacidade superior a 75 tn/data) e 9.2 (instalación para a eliminación ou aproveitamento de carcasas ou desfeitos de animais cunha capacidade de tratamento superior as 10 tn/data) da lei 16/2002 do 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación. Dito informe forma parte da tramitación dun expediente de autorización ambiental integrada.

Con data 3 de setembro de 2018 o Concello de Teo, emite informe desfavorable de compatibilidade urbanística

Con data de hoxe a Consellería de Medio Ambiente anunciou a través dun comunicado a súa decisión de arquivar o procedemento de tramitación ambiental sobre o proxecto para instalar esa planta no municipio de Teo.

Dado que a tramitación da planta de xestión de residuos que se pretendía implantar sobre a parcela a segregar, xa non é posible dada a súa incompatibilidade urbanística

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



co PXOM de Teo e normas urbanísticas de aplicación, e polo tanto non va a ter un cambio de uso tal e como se determina no proxecto para xustificar a segregación da parcela, a xuízo deste técnico deberá ser modificado o ámbito da actuación de restauración, abarcando tamen a parcela dunha superficie de 9,11 ha, que quedaba excluída no proxecto, o que supón una modificación sustancial no proxecto presentado.

Entendo pois que existe un erro en canto ao ámbito sobre o que se debe desenvolver a restauración da explotación "Casalonga" nº6996 que deberá ser subsanado antes de continuar con la tramitación do expediente.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.



Teo, 24/09/2018
O Arquitecto municipal
Ignacio Soto Gonzalez